



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Dona **INÉS SANTOS PEREIRO**, alcaldesa
do Concello de **TORDOIA (A Coruña)**

FAI SABER



Que pola Orde do 25 de febreiro de 2019 se establecen as **axudas económicas ás familias para a atención de nenas e nenos menores de doce anos a través do programa Bono coidado** e se procede a súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 217 do 8/3/2019). BS412A

Obxecto: Regular a concesión e convocar axudas económicas ás familias con nenos e nenas **menores de doce anos** que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares que se produzan entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de novembro de 2019.

Persoas beneficiarias: Pais/nais, titores/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as menores de doce anos residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nos supostos seguintes:

- Ter unha nena ou un neno nada/o con posterioridade ao 31 de decembro de 2006 cando o servizo para o cal se solicita axuda se recibise no último trimestre do ano 2018, e con posterioridade ao 31 de decembro de 2007 para aqueles que se reciban durante o período subvencionable do ano 2019.
- Que a renda da unidade familiar, entendida como a suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro, non supere os 45.000 € ou os 13.500 € per cápita. Para estes efectos, terase en conta a declaración do IRPF do ano 2017.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Contía: entre 7 €/hora e 14 €/hora, segundo a renda da unidade familiar.

Período subvencionable: desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de novembro de 2019.

Prazo solicitudes: finalizará o día 2 de setembro de 2019 (por ser o 31 de agosto inhábil).

Información e tramitación: **Servizos Sociais Comunitarios**

Tordoia , a 13 de marzo de 2019

A alcaldesa

